Desde Desenvolvemento Local do Concello de Verín infórmase da publicación da convocatoria de *subvencións para a potenciación do turismo mediante a mellora de establecementos restaurantes* .

O obxecto da mesma é a promoción e comercialización de Galicia como destino turístico de calidade, mediante a subvención a entidades privadas para a potenciación do turismo a través da mellora de establecementos restaurantes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os beneficiarios poden ser os titulares dos establecementos restaurantes inscritos no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia, que se subvencionen terán que serpropietarios dos inmobles ou predios obxecto de actuación ou ben ter unha disposición sobre eles, acreditada por calquera título válido en dereito, que permita realizar o investimento proxectado. O dito título de disposición terá que ser outorgado en escritura pública e inscrito no Rexistro da Propiedade. En calquera caso, o beneficiario da subvención terá o pleno uso e desfrute dos inmobles e/ou dos predios.

O prazo para a presentación destas solicitudes remata o 30 de abril de 2011.

Para máis información e tramitación, de forma gratuíta, deben dirixirse á oficina de Desenvolvemento Local, situada no primeiro piso do Concello de Verín ou no teléfono 988-410000.